

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 01 ABR. 2025
ata a día 30 ABR. 2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.


SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28 DE MARZO DE 2025, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A OBRAS PÚBLICAS, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS MEDIOS, GRUPO A - SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 28 de marzo de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas, da escala de administración especial,

subescala técnica, técnicos medios, grupo A – subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 200, do 29.08.2024.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento, nomeando como funcionario de carreira a:

Don José Manuel Piñeiro García, para ocupar a praza número 882, denominada Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas, escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios, grupo A – subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas Entrada, número 1426, vinculado á citada praza”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 31 de marzo de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0859

O presente documento estará
exposto no Taboero de
Anuncios desta Deputación
desde o día 01 ABR. 2025
ata a día 30 ABR. 2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

